Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000 euros, de acordo co establecido no art. 161.1.a) da referida Lei 2/2016, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro desta lei reduciranse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade coa sanción e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ao 164 da Lei 2/2016 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c da citada lei.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador por infracción urbanística a 'FONT PORT SL', de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instrutor do procedemento sancionador a M.R.G., sendo secretario deste o do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar ao interesado o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016, de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.

QUINTO.- Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso, e simultaneamente, notificar a presente resolución aos interesados, indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS, para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.

SEXTO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente.

Expediente 5713/2018. Concesión do Servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:



Concello de Cangas

* CONCEDERLLE a C.C.F.F., con DNI nº X e con expediente nº X, o Servizo de Axuda no Fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal
- * Atencións de carácter psicosocial
- * Atencións de carácter doméstico

Custo total do servizo: cincocentos corenta e catro euros con noventa e cinco céntimos (544,95 €) (doce euros con once céntimos (12'11 €/hora).

Achega económica da persoa usuaria: cento vinte e tres euros con trece céntimos (123,13 €/mes).

Número de horas: 45 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 1 de decembro de 2018.

Expediente 5705/2018. Concesión do Servizo de axuda no fogar

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	---

Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a M.R.T., con DNI nº X e con expediente nº X, o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal
- * Atencións de carácter psicosocial
- * Atencións de carácter doméstico

Custo total do servizo: cincocentos corenta e catro euros con noventa e cinco céntimos (544,95 €) (doce euros con once céntimos (12'11 €/hora)).

Achega económica da persoa usuaria: cento corenta e oito euros con sesenta e sete céntimos (148,67 €/mes).

Número de horas: 45 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 1 de decembro de 2018.

Expediente 5249/2018. Concesión do Servizo de axuda no fogar



Concello de Cangas

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:</p> <p>* CONCEDERLLE a M.B.P., con DNI nº X e con expediente nº X, o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:</p> <p><u>Prestacións:</u></p> <ul style="list-style-type: none">* Atencións de carácter persoal* Atencións de carácter psicosocial* Atencións de carácter doméstico <p><u>Custo total do servizo:</u> cincocentos corenta e catro euros con noventa e cinco céntimos (544,95 €) (doce euros con once céntimos (12'11 €/hora)).</p> <p><u>Achega económica da persoa usuaria:</u> douscentos euros con vinte e cinco céntimos (200,25 €/mes).</p> <p><u>Número de horas:</u> 45 horas.</p> <p><u>Data de efectos de alta no SAF:</u> a partir do 1 de decembro de 2018.</p>	

Expediente 5684/2018. Concesión de axuda económica de emerxencia social	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta de resolución de data 19.11.2018 do concelleiro de servizos sociais, igualdade e sanidade do Concello de Cangas, que é como segue:</p> <p><i>"Con relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, proponse a seguinte resolución:</i></p> <p><i>* Concesión de axuda económica por importe de novecentos cincuenta euros (950,00 €), a A.M.M., con NIF nº X "</i></p>	

Expediente 5704/2018. Concesión do Servizo de axuda no fogar	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social</p>	

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a L.R.S., con DNI nº X e con expediente nº X, o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal
- * Atencións de carácter psicosocial
- * Atencións de carácter doméstico

Custo total do servizo: cincocentos corenta e catro euros con noventa e cinco céntimos (544,95 €) (doce euros con once céntimos (12'11 €/hora)).

Achega económica da persoa usuaria: cento oitenta e catro euros con noventa e oito céntimos (184,98 €/mes).

Número de horas: 45 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 1 de decembro de 2018.

Expediente 5714/2018. Concesión do Servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a A.B.C., con DNI nº X e con expediente nº X, o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal
- * Atencións de carácter psicosocial
- * Atencións de carácter doméstico

Custo total do servizo: cincocentos corenta e catro euros con noventa e cinco céntimos (544,95 €) (doce euros con once céntimos (12'11 €/hora)).

Achega económica da persoa usuaria: cento trinta e dous euros con corenta e oito céntimos (132,48 €/mes).

Número de horas: 45 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 1 de decembro de 2018.

Concello de Cangas



Expediente 5703/2018. Concesión do Servizo de axuda no fogar	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:</p> <p>* CONCEDERLLE a M.A.S., con DNI nº X e con expediente nº X, o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:</p> <p><u>Prestacións:</u></p> <ul style="list-style-type: none">* Atencións de carácter persoal* Atencións de carácter psicosocial* Atencións de carácter doméstico <p><u>Custo total do servizo:</u> cincocentos corenta e catro euros con noventa e cinco céntimos (544,95 €) (doce euros con once céntimos (12'11 €/hora)).</p> <p><u>Achega económica da persoa usuaria:</u> cento trinta e tres euros con oitenta e cinco céntimos (133,85 €/mes).</p> <p><u>Número de horas:</u> 45 horas.</p> <p><u>Data de efectos de alta no SAF:</u> a partir do 1 de decembro de 2018.</p>	

Expediente 5707/2018. Concesión do Servizo de axuda no fogar	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:</p> <p>* CONCEDERLLE a J.E.S.A., con DNI nº X e con expediente nº X, o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:</p> <p><u>Prestacións:</u></p> <ul style="list-style-type: none">* Atencións de carácter persoal* Atencións de carácter psicosocial* Atencións de carácter doméstico <p><u>Custo total do servizo:</u> cincocentos corenta e catro euros con noventa e cinco céntimos (544,95 €) (doce euros con once céntimos (12'11 €/hora)).</p> <p><u>Achega económica da persoa usuaria:</u> cento sesenta e tres euros con oitenta e dous céntimos</p>	



Concello de Cangas

(163,82 €/mes).

Número de horas: 45 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 1 de decembro de 2018.

Expediente 3197/2018. Variación no Servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* DAR DE BAIXA a M.C.P.R., con DNI nº X e expediente nº X, do Servizo de axuda no fogar, por falecemento da usuaria.

Data de efectos da baixa: 9 de outubro de 2018.

Expediente 2174/2017. Variación no Servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* DAR DE BAIXA a A.C.M., con DNI nº X e con expediente nº X, do Servizo de axuda no fogar, por falecemento da usuaria.

Data de efectos da baixa: 18 de outubro de 2018.

Expediente 5706/2018. Concesión do Servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a A.H.A., con DNI nº X e con expediente nº X, o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

* Atencións de carácter persoal



Concello de Cangas

- * Atencións de carácter psicosocial
- * Atencións de carácter doméstico

Custo total do servizo: cincocentos corenta e catro euros con noventa e cinco céntimos (544,95 €) (doce euros con once céntimos (12'11 €/hora)).

Achega económica da persoa usuaria: cento trinta e seis euros con oitenta e catro céntimos (136,84 €/mes).

Número de horas: 45 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 1 de decembro de 2018.

Expediente 1075/2018. Variación no Servizo de axuda no fogar

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	---

Vista a información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* DAR DE BAIXA a M.C.F.M., con DNI nº X e con expediente nº X, do Servizo de axuda no fogar, por falecemento da usuaria.

Data de efectos da baixa: 26 de outubro de 2018.

Expediente 2159/2017. SAF 2554/01. Variación no Servizo de axuda no fogar

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	---

Vista a información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* DAR DE BAIXA a M.B.G.A., con DNI nº X e con expediente nº X, do Servizo de axuda no fogar, por falecemento da usuaria.

Data de efectos da baixa: 7 de novembro de 2018.

Expediente 5732/2018. Proposta de concesión de axuda económica de emerxencia social

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	---

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta de resolución de data 22.11.2018 do concelleiro de servizos sociais, igualdade e sanidade, referente a concesión de axuda de emerxencia social, que é como segue:



Concello de Cangas

"Con relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social presentada por M.C.D.C., con DNI nº X e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, propónse a seguinte resolución:

** Concesión de axuda económica por importe de mil euros (1.000,00 €)".*

Expediente 429/2018. Proposta da Alcaldía referente a Sentenza nº 391/2018 do Xulgado do Social Nº 5 de Vigo reáida no PO Nº 52/2018 (Ref. X-18/01)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Dase conta de proposta da Alcaldía de data 19.11.2018, referente a Sentenza nº X ditada polo Xulgado do Social, nº 5 de Vigo, referente ao procedemento ordinario nº X, que é como segue:

"Visto o contido da Sentenza nº X do Xulgado do Social nº 5 de Vigo, de data 2 de novembro de 2018, recaída no procedemento ordinario nº X, seguido a instancia de A.M.M., co fallo que de seguido se reproduce:

'Estimar parcialmente a demanda en materia de recoñecemento de dereito interposta por A.M.M., contra o CONCELLO DE CANGAS DO MORRAZO, declarando que o actor ostenta a condición de persoal laboral indefinido, non fixo, en posto fixo discontinuo do Concello de Cangas do Morrazo como auxiliar da Policía Local, condenando á administración municipal demandada a estar e pasar por esta declaración con todos os efectos legais inherentes a este pronunciamento, incluída a garantía de chamamento, segundo o precisado no último parágrafo do fundamento xurídico terceiro'.

Este apartado sinala que: *'en tanto o Concello obteña da Consellería competente en materia de seguridade da administración autonómica a correspondente autorización anual para proceder á contratación de auxiliares da policía local, o actor conservará o seu dereito a ser chamado en tanto non proceda á amortización ou cobertura definitiva da praza, e sen necesidade de ter que superar un proceso selectivo para a simple contratación temporal durante unha temporada anual'.*

A sentenza non é firme polo que a Xunta de Goberno debe decidir sobre a interposición de recurso de suplicación.

Solicitado informe do avogado do Concello no procedemento en relación á posibilidade de recorrer a sentenza, este remitiu o informe que figura incorporado ao expediente nº X e que respecto a este extremo conclúe o seguinte:

'(...) este letrado con base nos argumentos e precedentes expostos, desaconsella a interposición do recurso de suplicación que tería escasas posibilidades de prosperar coa conseguinte posibilidade de imposición de custas para o Concello de Cangas'".

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Primeiro.- Tomar coñecemento da Sentenza nº X do Xulgado do Social nº 5 de Vigo, de data 2 de novembro de 2018, recaída no procedemento ordinario nº X, seguido a instancia de A.M.M.

Segundo.- Decidir sobre a a formalización dun posible recurso contra a sentenza.

Terceiro.- Dar traslado do acordo adoptado aos departamentos municipais de apoio xurídico e persoal, co fin de que se adopten as disposicións oportunas para o seu cumprimento".

A Xunta de Goberno Local queda informada da proposta da Alcaldía transcrita anteriormente e acorda non proceder á interposición de recurso ningún contra a Sentenza nº X ditada polo Xulgado do Social nº 5 de Vigo.

Expediente 5391/2018. Proposta de adxudicación de espazos no viveiro de empresas de servizos

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da comisión de selección do día 19.11.2018, para a adxudicación de espazos no viveiro de empresas de servizos do Concello de Cangas, que é como segue:

PRIMEIRO.- A adxudicación do 'despacho A' do VES do Concello de Cangas a C.C.R., con NIF nº X, sen prexuízo de que, antes da formalización do acordo de cesión do espazo, achegue a documentación establecida na base décimo terceira, punto cinco, das bases reguladoras.

SEGUNDO.- A adxudicación do 'despacho B' do VES do Concello de Cangas a Árbore Sociedade Cooperativa Galega, con CIF nº X, sen prexuízo de que, antes da formalización do acordo de cesión do espazo, achegue a documentación establecida na base décimo terceira, punto cinco, das bases reguladoras".

Expediente 4113/2018. Proposta da concellería de desenvolvemento e emprego local para aprobación de expediente para a adxudicación de concesión demaniais dos postos vacantes no mercado de abastos municipal

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentim
ento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 16.11.2018 da

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concellería de desenvolvemento económico e emprego local, referente a aprobación de expediente para a adxudicación de concesión demanial de postos do Mercado Municipal de Abastos, que é como segue:

"Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 17.09.2018, polo que se inicia o expediente administrativo para a adxudicación de concesións demaniais de varios postos vacantes no Mercado municipal de abastos.

Visto que a arquitecta municipal, M.I.M.F., emitiu informe relativo á valoración da repercusión das concesións de postos do mercado municipal (informe de data 24.09.2018).

Visto que o día 14.11.2018 incorporáronse ao expediente os pregos de cláusulas administrativas particulares e técnicas que rexerán esta licitación e que constan no expediente os preceptivos informes de secretaría de data 15.11.2018 e intervención (informe 2018-0250 [SCM-178-18] de 05.11.2018).

Por todo o que antecede, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Aprobado o expediente para a adxudicación de concesión demaniais dos postos vacantes no Mercado de abastos municipal, xunto cos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o procedemento de licitación e que constan como anexos a este acordo.

Segundo.- Abrir o procedemento de licitación mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, debendo publicar o correspondente anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no perfil de contratante.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo ao departamento municipal de apoio xurídico".

Expediente 5582/2018. Proposta do concelleiro de cultura para aprobación das bases do "VII Certame Nadal con vida"

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 12.11.2018 do concelleiro de cultura e normalización lingüística, para aprobación das bases do "VII Certame Nadal con Vida", que é como segue:

"Propón que a Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

1.- Aprobación das bases do "VII Certame Nadal con Vida", segundo as seguintes bases:

VII CERTAME DE DECORACIÓN DE RÚA 'NADAL CON VIDA'

BASES

O presente certame ten por obxecto que os nenos e nenas de Cangas participen activamente do



Nadal e que coa súa participación enchan as rúas de color, imaxinación e creatividade, difundindo ilusión a todos/todas os/as veciños e veciñas do pobo.

PRIMEIRA.- Poderán concorrer ao certame todas aqueles grupos escolares que o desexen, sendo o ideal preparar a lo menos un adorno por aula.

SEGUNDA.- Todas as obras que se presenten teñen que ter incorporadas cun sistema de suxeición para poder ser colgadas.

TERCEIRA.- Os obxectos de decoración poderán estar elaborados con calquera material, aínda que convidamos a que se empregue material de refugallo polas connotacións educativas e medioambientais que aporta este.

CUARTA.- O prazo de inscrición será ata o 11 de decembro de 2018. A recepción dos traballos será do 14 ao 18 de decembro.

QUINTA.- As obras presentaranse debidamente embaladas, para que non se deteriorenen, na Casa da Xuventude de Cangas.

SEXTA.- As obras serán expostas en Cangas a partires do día 22 de decembro ata o 6 de xaneiro. O lugar de exposición será notificado a cada centro escolar participante.

O Concello non se fai cargo do posible deterioro que estas sufran por motivos de factores ambientais ou de actos impropios da cidadanía.

SÉTIMA.- Xunto coas obras incluírase un sobre pechado onde figuren os seguintes datos:

- Nome do colexio, aula participante, titor ou responsable do grupo co seu contacto (teléfono e mail) e título da obra.

No caso de que sexa unha ANPA a que organice esta participación incluírá o nome do colexio, o nome da ANPA e os nomes dos nenos e nenas participantes.

É importante que o adorno non leve ningún identificador de centro ou aula, xa que de ser así quedaría desbotado do certame.

OITAVA.- Establecense as seguintes categorías nas que o xurado designará un/unha gañador/gañadora por categoría.

** Infantil (3, 4 e 5 anos).*

** Grupo A de Primaria (6, 7, 8 anos).*

** Grupo B de Primaria (9, 10, 11 anos).*

O grupo gañador de cada categoría de infantil e primaria obterá un lote de libros ou de material de papelería valorado en cen euros (100,00 €) para a súa aula.

NOVENA.- O ditame do xurado, designado polo Concello de Cangas, darase a coñecer o 27 de decembro de 2018 e será publicado posteriormente na prensa local e a través das redes de difusión municipais.

DÉCIMA.- O xurado estará composto polos membros seguintes:



- O concelleiro de cultura e normalización lingüística, ou persoa en quen delegue, que presidirá o xurado.
- O concelleiro de xuventude e voluntariado, ou persoa en quen delegue.
- O concelleiro de servizos sociais, ou persoa en quen delegue.
- Os/as seguintes técnicos/técnicas municipais:
 - A técnico da área de mocidade.
 - A técnica da área de voluntariado.
 - Director do CMBS.
 - Un/unha representante da Asociación de comerciantes 'Cangas Vella'.

Actuará de secretario/secretaria un/unha traballador/traballadora municipal con voz e sen voto e que levantará acta dos acordos.

UNDÉCIMA.- O premio pode ser declarado deserto.

DUODÉCIMA.- Os traballos presentados deberán retirarse da Casa da Xuventude entre os días 14 e 18 de xaneiro.

DÉCIMOTERCEIRA.- A participación nesta convocatoria implica a aceptación das normas contidas nas presentes bases, así como a inapelable decisión do xurado".

Expediente 5584/2018. Proposta do concelleiro de cultura para aprobación das bases do "Certame de carrozas"

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 12.11.2018 do concelleiro de cultura e normalización lingüística, para aprobación das bases do "II Certame de Carrozas", que é como segue:

"Propón que a Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

1.- Aprobación das bases do "II Certame de Carrozas".

"II CERTAME DE CARROZAS PARTICIPANTES NA CABALGATA DE REIS 2019

BASES

PRIMEIRA.- Poderá participar calqueira colectivo social, cultural, deportivo de Cangas que cumpra as presentes bases, debendo realizar a correspondente inscrición na Casa da Xuventude de Cangas, cubrindo o formulario antes do 5 de decembro de 2018, entregando tamén un boceto da carroza que presentan.

SEGUNDA.- O Concello de Cangas concederá a todos os colectivos seleccionados, a cantidade de douscentos cincuenta euros (250,00 €), e un diploma en concepto de axuda ao material de elaboración, sempre que estas reflectan o traballo realizado, ata un máximo de 4 carrozas.

A maiores se concederá unha axuda de douscentos euros (200,00 €), á carroza que destaque



pola súa orixinalidade, complexidade, materiais empregados, valor artístico e posta en escea.

TERCEIRA.- O tema artístico de cada carroza será de libre elección e os seus elementos deben ser substancialmente diferentes ao ano anterior, no caso de ter participado. As carrozas terán as seguintes dimensións: altura máxima 4,00 metros desde o chan, 11 metros de longo e 3 metros de ancho.

CUARTA.- A concellería de Cultura poderá decidir a non participación dalgunha das carrozas se considera que esta poida ser ofensiva ou de mal gusto en calquera medida na que afecte a filosofía da Cabalgata de Reis.

QUINTA.- En caso de que sexan máis de 4 o número de carrozas presentadas farase unha selección (con base no boceto presentado) por medio de xurado presidido polo Concelleiro de Cultura, segundo os seguintes criterios:

- Vistosidade*
- Elaboración*
- Temática*
- Orixinalidade*
- Ter participado en anos anteriores*

SEXTA.- O xurado estará composto polos membros seguintes:

- O concelleiro de cultura, ou persoa en quen delegue, que presidirá o xurado.*
- O concelleiro de xuventude e voluntariado, ou persoa en quen delegue.*
- O concelleiro de servizos sociais, ou persoa en quen delegue.*
- Os/as seguintes técnicos/técnicas municipais:*
 - A técnica da área de mocidade.*
 - A técnica da área de voluntariado.*
 - Director do CMBS.*
- * Un/unha representante da asociación de comerciantes 'Cangas Vella'.*

Actuará de secretario/secretaria un/unha traballador/traballadora municipal con voz e sen voto e que levantará acta dos acordos.

SÉTIMA.- O fallo do xurado, que é inapelable, darase a coñecer a través dos medios de comunicación e do taboleiro de anuncios do Concello de Cangas.

OITAVA.- O xurado do certame terá competencias para resolver as dúbidas ou calquera circunstancia non prevista nas presentes bases.

NOVENA.- A participación neste certame supón a aceptación de todas e cada unha das súas bases.

CONVOCAN:

- Concellería de cultura e normalización lingüística.*
- Concellería de xuventude e voluntariado.*



Concello de Cangas

- *Concellería de servizos sociais, igualdade e sanidade*".

Expediente 5583/2018. Proposta do concelleiro de cultura para aprobación das bases do "XIX Certame de beléns"

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 12.11.2018 do concelleiro de cultura e normalización lingüística, para aprobación das bases do "XIX Certame de Beléns", que é como segue:

"Propón que a Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

1.- Aprobación das bases do "XIX Certame de Beléns", segundo as seguintes bases:

XIX CERTAME DE BELÉNS CONCELLO DE CANGAS

Confeción de Beléns artesanais en dimensións reducidas

Bases:

PRIMEIRA.- Poderán concorrer a este concurso todas as persoas e os colectivos (escolares, culturais e sociais) de Cangas que o desexen.

SEGUNDA.- A inscrición deberá realizarse no formulario que se poderá recoller na Casa da Xuventude ata o 15 de decembro.

TERCEIRA.- Os Beléns depositaranse na localización que lles asigne a organización os días 20 e 21 de decembro, para ser expostos ao público entre o 22 de decembro de 2017 e o 6 de xaneiro de 2018. A retirada dos beléns deberá realizarse necesariamente o 7 de xaneiro.

CUARTA.- O conxunto artístico do Belén deberá estar montado sobre un taboleiro de madeira ou superficie ríxida dun metro por cada lado.

QUINTA.- Os materiais e elementos que se utilicen para a confeción do Belén serán libres.

SEXTA.- Concederanse os seguintes premios:

1º premio.- Diploma e vale de compra por importe de cen euros (100,00 €).

2º premio.- Diploma e vale de compra por importe de setenta euros (70,00 €).

3º premio.- Diploma e vale de compra por importe de corenta euros (40,00 €).

SÉTIMA.- O xurado estará composto polos membros seguintes:

- O concelleiro de cultura e normalización lingüística ,ou persoa en quen delegue, que presidirá o xurado.

- O concelleiro de xuventude e voluntariado, ou persoa en quen delegue.

- O concelleiro de servizos sociais, ou persoa en quen delegue.

- Os/as seguintes técnicos/técnicas municipais:

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

- A técnica da área de mocidade.
- A técnica da área de voluntariado.
- Director do CMBS.

- Un/unha representante da asociación de comerciantes 'Cangas Vella'.

Actuará de secretario/secretaria un traballador municipal con voz e sen voto e que levantará acta dos acordos.

OITAVA.- O xurado valorará especialmente a confección das figuras presentadas, composición do conxunto, orixinalidade, unidade de estilo, grao de dificultade e execución. O xurado resérvase o dereito a rexeitar aqueles traballos que, ao seu xuízo, non acaden un mínimo de calidade artística, ou sobrepasen as dimensións establecidas.

O xurado poderá declarar deserto algúns ou todos os premios e poderá outorgar accésits se o considera oportuno.

NOVENA.- O fallo do xurado, que é inapelable, darase a coñecer o día 27 de decembro, a través dos medios de comunicación e do taboleiro de anuncios do Concello de Cangas.

DÉCIMA.- O xurado do certame terá competencias para resolver as dúbidas ou calquera circunstancia non prevista nas presentes bases.

ONCEAVA.- A participación neste certame supón a aceptación de todas e cada unha das súas bases".

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

Expediente 6645/2017. Solicitude de baixa de sinalización vertical (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Visto o informe emitido en data 26.11.2018 pola Policía Local, referente a solicitude presentada por A.B.M., na que solicita a baixa do sinal de pasaxe permanente nº X no lugar de estrada de Aldán a Darbo, nº X-Cangas, que di o seguinte:

"- Que se comisionou ao lugar aos axentes nº X e nº X.

- Que se realizou reportaxe fotográfica do lugar.

- Que a data de 26.11.2018, xa non ten instalado sinal de pasaxe permanente.

- Que na inspección ocular do lugar se denota que non entran nin saen vehículos desde fai tempo e xa se observa como crece a vexetación na entrada.

- Non existe berarrúa.

Concello de Cangas



Concello de Cangas

- *Que en vista do exposto non se observa inconveniente en conceder a baixa do sinal de pasaxe permanente nº X".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Que polos servizos económicos do Concello de Cangas e polo ORAL, se comprobe se o/a interesado/interesada está ao corrente nos pagos da taxa que xerou a autorización da instalación de sinal de pasaxe permanente referenciada, desde que foi concedida, requisito sen o cal non se procederá a dar a baixa pertinente.

SEGUNDO.- Que por parte do/da interesado/interesada se proceda á devolución da placa de referencia no departamento de tesourería.

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

Expediente 203/2018. Rectificación de acordo da Xunta de Goberno Local de data 23.04.2018 de solicitude de devolución de fianza ou cancelación de aval (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a rectificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 23 de abril de 2018, correspondente ao expediente nº X, de devolución de aval, por ter que figurar no acordo o informe íntegro do departamento de Tesourería, polo que quedaría rectificadado co seguinte texto:

"A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente o seguinte informe emitido en data 17.04.2018 polo departamento de Tesourería, referente ao expediente nº X de solicitude de devolución de aval, que é como segue:

INFORME DE TESOURERÍA

EXPEDIENTE Nº X

ASUNTO: *Solicitude de devolución de aval*

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data de 11 de xaneiro de 2018, ten entrada polo rexistro municipal nº 2018-E-RE-9, solicitude de devolución de aval, presentada por M.A.R.M., en calidade de representante legal da empresa 'Orona S. Coop.', con CIF nº X, adxudicataria do contrato 'Servizo de mantemento e conservación de ascensores e montacargas instalados en distintas dependencias municipais do Concello de Cangas', ao concluír o contrato asinado có Concello.

Segundo.- En data de 9 de abril de 2018, a secretaria emite o informe no que conclúe que non

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



procede a devolución do sinalado aval, de conformidade co disposto na cláusula 27 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o contrato, por non ter transcorrido máis de un ano desde a finalización do contrato e por figurar no expediente un informe de reparo aos servizos executados.

Terceiro.- Na tesourería municipal consta a constitución do aval nº X, na entidade 'Bankinter SA', por importe de oitocentos corenta e dous euros con corenta e un céntimos (842,41 €).

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE

O órgano municipal competente para a aprobación do presente expediente é a Xunta de Goberno Local, en virtude do disposto na Resolución de Alcaldía de 2 de xullo de 2015, sobre delegación de atribucións na Xunta de Goberno local.

Con base nos fundamentos expostos e de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución

INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Primeiro.- Non recoñecer a devolución do aval por importe de oitocentos corenta e dous euros con corenta e un céntimos (842,41 €), depositado pola empresa 'ORONA S COOP LTDA', con CIF nº X, para a execución do contrato de 'Servizo de mantemento e conservación de ascensores e montacargas instalados en distintas dependencias municipais do Concello de Cangas', posto que aínda non transcorreu o prazo de garantía de conformidade co disposto na cláusula 27 do prego de cláusulas administrativas particulares e por figurar no expediente un informe de reparo aos servizos executados.

Segundo.- Requirir á empresa para que corrixa as deficiencias que constan no informe sobre o estado dos ascensores.

Terceiro.- Notificar este acordo á empresa interesada".

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

Expediente 5800/2018. Concesión de axuda económica de emerxencia social (Urxencia)

Favorable

Tipo

de

votación:



Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta de data 26.11.2018 do concelleiro de servizos sociais, igualdade e sanidade, para concesión de axuda económica de emerxencia social, que é como segue:

"Con relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social presentada por S.H.V, con DNI nº X e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, propónse a seguinte resolución:

** Concesión de axuda económica por importe de mil setecentos trinta e seis euros con cincuenta céntimos (1.736,50 €)".*

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

Expediente 2248/2018. Corrección de erros na licitación da obra "Pavimentación accesibilidade do Paseo Marítimo Pepe Poeta" (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta da Alcaldía de data 26.11.2018, referente a corrección de erros advertidos na licitación da obra "Pavimentación accesibilidade do Paseo Marítimo Pepe Poeta" (Expediente nº X), que é como segue:

"Visto o PCAP que rexe a licitación da obra 'Pavimentación accesibilidade do Paseo Marítimo Pepe Poeta', que foi aprobado por Decreto da Alcaldía 2018-1967 de data 14.11.2018.

Visto que o artigo 159.6.a) da LCSP dispón que: 'o prazo para a presentación de proposicións non poderá ser inferior a 10 días hábiles', advertiuse un erro no cadro de características técnicas do contrato (CCC), no cal se establece un prazo de 10 días naturais.

Por todo o que antecede, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Corrixir o erro advertido no CCC que rexe a licitación da obra 'Pavimentación accesibilidade do Paseo Marítimo Pepe Poeta', de tal xeito que no apartado 'E.4.- Prazo para a presentación de ofertas', onde di: '10 días naturais', debe dicir: '10 días hábiles'.

SEGUNDO.- Publicar esta corrección no perfil do contratante, concedendo un novo prazo de presentación de ofertas de 10 días hábiles que comezará a contar o día seguinte ao da publicación deste acordo.

TERCEIRO.- Dar traslado deste acordo ao departamento de Apoio Xurídico".



Concello de Cangas

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850